

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

3145 *Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de inspección aeronáutica.*

A Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea, veu reforzar as potestades públicas de intervención sobre o tránsito e o transporte aéreo, dotando a autoridade aeronáutica nacional dos instrumentos xurídicos necesarios para asegurar a debida aplicación da normativa nacional e internacional sobre seguranza no transporte, a navegación aérea e os sistemas e instalacións aeroportuarios.

O título III da Lei 21/2003, do 7 de xullo, recolle o réxime xurídico da actividade de inspección aeronáutica, as atribucións dos que a realizan, a forma e os documentos en que se plasma a súa realización e o procedemento de reparación de deficiencias. Cómpre, no entanto, unha regulación máis detallada da inspección aeronáutica que desenvolva e complete os mandatos e regras, necesariamente xerais, que se recollen no título III da lei. Asemade, cómpre ter en conta a evolución que o concepto de seguranza experimentou nos últimos anos e con el a forma en que a Administración aeronáutica ten que facer fronte a enfoques que non se basean xa na multiplicación de controis puntuais, senón no fomento dunha cultura de seguranza e a implantación de sistemas e procedementos que garantan a seguranza das operacións. Neste contexto, a actividade da Administración oriéntase cara á comprobación dos ditos sistemas e procedementos mediante esquemas de auditoría que permitan valorar de forma continuada a súa idoneidade.

Procédese, en consecuencia, neste real decreto a dotar a inspección aeronáutica dun marco organizativo e procedemental que lle permita actuar con seguranza e eficacia, logrando deste modo o fin último da súa actuación, que non é outro que a garantía da seguranza aérea.

Na configuración deste marco organizativo tense en conta a creación da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, mediante o Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro, polo que se aproba o seu estatuto, a cal asumiu as funcións de inspección aeronáutica atribuídas pola Lei 21/2003, do 7 de xullo, ao Ministerio de Fomento e á Dirección Xeral de Aviación Civil. Por iso, as referencias ao órgano titular das competencias fanse á Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

Seguindo o criterio asentado na Lei 21/2003, do 7 de xullo, a inspección aeronáutica configúrase como un conxunto de actuacións tendentes a controlar ou supervisar o cumprimento da normativa aeronáutica, que, debido á multiplicidade de materias sobre as cales pode recaer e o diverso perfil que os seus actuarios poden ter, non se atribúe pola lei a unidades administrativas ou corpos funcionariais concretos, senón ás persoas que desempeñen os postos de traballo nos órganos con competencias inspectoras que se identifiquen como postos de inspección. Regúlanse, no regulamento que este real decreto aproba, os aspectos organizativos da inspección aeronáutica, tales como a atribución das funcións de inspección, as facultades do persoal que as leve a cabo ou a súa ordenación polos órganos competentes, así como os trámites que deben seguirse á hora de levar a cabo esta actividade administrativa.

Dentro das múltiples tarefas que poden considerarse como actuacións de inspección aeronáutica, enumeradas de forma non exhaustiva no artigo 4, o regulamento de inspección aeronáutica centra o seu ámbito de aplicación exclusivamente nas actuacións levadas a cabo pola Axencia Estatal de Seguranza Aérea, directamente ou por medio de organismos públicos ou sociedades mercantís estatais que teñan a condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado.

As actuacións de inspección aeronáutica reguladas en normas ou procedementos internacionais ou de dereito comunitario, así como as realizadas a través das entidades

colaboradoras previstas no artigo 26 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, ou a través de organismos ou organizacións recoñecidas para levar a cabo este tipo de actuacións rexeranse pola súa normativa específica. Desde un punto de vista material, exclúense do seu ámbito de aplicación as aeronaves militares, o persoal aeronáutico militar e os aeródromos e sistemas militares, así como os servizos meteorolóxicos. Nos sistemas aeroportuarios que non sexan de interese xeral, a inspección aeronáutica só se exercerá nos aspectos de competencia estatal, tales como o control do espazo aéreo, o tránsito e o transporte aéreo.

A Lei 21/2003, do 7 de xullo, supuxo un gran cambio na concepción da inspección aeronáutica, xa que se supera o tradicional concepto de control do cumprimento da normativa administrativa, como actuación previa ao exercicio das facultades sancionadoras, e inclúese entre as funcións da inspección aeronáutica a colaboración técnica cos particulares, cuxo obxecto consiste en visar o cumprimento dos requisitos necesarios para a obtención e mantemento dos títulos que habilitan para a realización de actividades e operacións aeronáuticas.

No articulado do regulamento reflíctese esta dobre concepción da inspección. Así, mentres a inspección tendente ao control do cumprimento da normativa sobre aviación civil se configura como unha actuación administrativa autónoma, que conclúe cunha acta de inspección, as actuacións de inspección que teñen por obxecto a supervisión dos elementos necesarios para a obtención, mantemento, renovación ou revogación de documentos oficiais habilitantes regúlanse como un conxunto de actividades insertas no seo do pertinente procedemento administrativo de habilitación, cuxo obxecto é a emisión dun ditame técnico que sirva de fundamento para ditar o acto administrativo de concesión, renovación ou revogación de que se trate.

O artigo 25 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, afirma o carácter eminentemente funcional da organización da inspección aeronáutica, e por iso o regulamento atribúe a realización das actuacións inspectoras aos funcionarios que ocupen postos de traballo con competencias de inspección, de tal forma que deberán ser eses funcionarios os que leven a cabo e dirixan as actuacións, que culminarán mediante a formalización da correspondente acta ou ditame técnico. Así mesmo, é a estes funcionarios aos que se lles recoñece o carácter de autoridade e se lles atribúen as facultades exorbitantes enumeradas no artigo 25.2 da lei.

Non obstante o anterior, de acordo co artigo 25.1 e a disposición adicional cuarta da Lei 21/2003, do 7 de xullo, recoñécese a posibilidade de encomendar tarefas auxiliares ou de apoio administrativo a outros funcionarios ou empregados públicos, e actuacións materiais de inspección de carácter técnico ou especializado a organismos públicos e sociedades mercantís estatais que teñan a condición de medio propio instrumental da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos. A relación entre as distintas persoas que interveñen nas actividades de inspección aeronáutica artículase a través da figura do «equipo inspector», onde a coordinación e emisión de actos administrativos con efectos xurídicos fronte ao interesado (actas, ditames técnicos, comunicacións e requirimentos) se reserva aos funcionarios responsables, os cales, non obstante, poderán requirir a colaboración doutros funcionarios ou empregados públicos destinados nos órganos con competencias inspectoras ou de organismos públicos e sociedades mercantís estatais que sexan medio propio instrumental da Administración na realización de tarefas de apoio ou de carácter técnico ou especializado. Este esquema non interfire, porén, no ámbito de responsabilidade de cada persoa actuante, que só deberá responder das súas propias actuacións, exixíndose a dita responsabilidade conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no caso de que se trate de empregados públicos, ou ao organismo ou sociedade estatal instrumental con respecto ao actuado polo seu persoal.

A ordenación das actuacións de inspección aeronáutica fundaméntase no criterio básico da planificación, como instrumento necesario, non só para organizar internamente

a actividade de inspección, senón para dar seguranza ao destinatario de tales actuacións. Á vista dos plans de inspección, os órganos con competencias inspectoras formularán as correspondentes ordes de actuación onde se especificarán as actuacións inspectoras que se deberán realizar, ou categorías uniformes de actividades inspectoras. Fóra dos plans e ordes de inspección, toda actuación inspectora deberá estar amparada por unha orde específica de inspección ditada polo director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

Todas as actuacións levadas a cabo no curso dunha inspección deben quedar reflectidas documentalmentemente para deixar constancia das actuacións realizadas e garantir os dereitos do inspeccionado. O regulamento determina os distintos documentos da inspección aeronáutica conforme o artigo 28 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, e a práctica administrativa nesta materia. En especial, régulanse os que deben emitir exclusivamente os funcionarios responsables da inspección, que son os requirimentos, as actas e ditames técnicos, e os que poden ser asinados, cando non teñan efectos xurídicos fronte a terceiros ou de carácter preceptivo, polos membros do equipo inspector nos que non conorra esa condición, como as peticións de colaboración, as dilixencias e informes, e os partes técnicos, en que se plasmarán as actuacións realizadas polo dito persoal. A estes últimos alude, aínda que sen esta denominación, o artigo 8 da Orde FOM/2140/2005, do 27 de xuño, pola que se regulan os encargos que realice a Sociedade Estatal de Ensinanzas Aeronáuticas Cívicas, S.A. para a execución de actuacións materiais propias da inspección aeronáutica.

O persoal que realiza actividades auxiliares ou de apoio administrativo á inspección aeronáutica e as entidades a que se refire a disposición adicional cuarta da Lei 21/2003, do 7 de xullo, non pode vincular o inspeccionado coa súa actuación, pero os documentos en que plasmen as súas actuacións quedarán integrados no expediente e farán proba das actuacións levadas a cabo por eles.

As actuacións de inspección aeronáutica régulanse sobre a base do procedemento administrativo común regulado na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ben que adaptándoo ás especialidades desta actividade administrativa recollidas na Lei 21/2003, do 7 de xullo. Ao comprender o exercicio de potestades administrativas sobre o inspeccionado, a inspección rodéase dunha serie de garantías procedementais para salvaguardar os seus dereitos. As actuacións de inspección iníciase sempre de oficio, mediante unha comunicación do órgano inspector, o cal se notificará ao inspeccionado nas actuacións de control normativo, excepto nos casos en que a natureza da inspección desaconselle esta comunicación. Neste caso abondará cunha dilixencia de incoación. Cando a actividade inspectora se insira no marco dun procedemento de obtención, mantemento ou renovación dun documento ou habilitación oficial, deixarase constancia do inicio da inspección aeronáutica mediante dilixencia.

A audiencia aos interesados, que se dará antes da culminación das actuacións de inspección, aprovéitase para someter á súa conformidade o resultado da inspección. Como consecuencia disto, as actas con que terminen as actuacións de inspección de control normativo poden ditarse de conformidade co inspeccionado ou coa súa oposición. En ambos os casos, a acta pode pór de manifesto deficiencias, irregularidades ou incumprimentos susceptibles de reparación, igual que nas actuacións de supervisión das condicións para obter ou renovar habilitacións oficiais. A reparación, que se efectuará de acordo co artigo 29 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, condicionará a concesión ou renovación do título solicitado e, nas actuacións de control, poderá evitar o inicio dun procedemento sancionador ou de limitación, suspensión ou revogación dos títulos do inspeccionado.

O prazo máximo en que se deberán ditar as actas con que conclúan as actuacións inspectoras de control normativo é de seis meses. A duración das actuacións de inspección para a obtención, mantemento, renovación ou revogación de títulos oficiais deberá acomodarse á do procedemento administrativo principal ao que sirva.

Finalmente, o regulamento ocúpase das medidas extraordinarias que, conforme o artigo 30 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, pode adoptar o director xeral de Aviación Civil e, na Axencia Estatal de Seguranza Aérea, o seu director, de acordo co seu estatuto, cando

se constaten irregularidades en aeronaves, equipamentos ou instalacións civís que comprometan de forma certa, grave e inmediata a seguranza aérea. Estas medidas extraordinarias poden adoptarse no curso dunha inspección aeronáutica ou cando non estiver iniciada unha de tales actuacións, sempre que se encontre comprometida a seguranza aeronáutica.

Este real decreto dítase en uso da habilitación que a disposición derradeira terceira da Lei 21/2003, do 7 de xullo, outorga ao Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de inspección aeronáutica.*

Apróbase o Regulamento de inspección aeronáutica, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Uso obrigatorio de medios electrónicos.*

1. As persoas xurídicas enumeradas no artigo 32 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea, así como as asociacións e corporacións de dereito público existentes no sector aeronáutico, deberán utilizar medios electrónicos nas súas comunicacións coa Dirección Xeral de Aviación Civil ou a Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

2. As entidades e suxeitos citados deberán dispor dun enderezo electrónico que garanta o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 27.3 e 28.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, para a práctica de notificacións electrónicas.

3. A Subsecretaría de Fomento e o órgano competente da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, no ámbito de actuación desta última, publicarán no «Boletín Oficial del Estado» e na súa respectiva sede electrónica os procedementos a que afecten estas normas.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre aeroportos de interese xeral; control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo, e matriculación de aeronaves, recollida no artigo 149.1.20.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo e medidas de aplicación e execución.*

1. O ministro de Fomento ditará as normas de desenvolvemento que precise este real decreto.

2. A Dirección Xeral de Aviación Civil e a Axencia Estatal de Seguranza Aérea, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e execución do Regulamento de inspección aeronáutica.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

REGULAMENTO DE INSPECCIÓN AERONÁUTICA

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto deste regulamento o desenvolvemento da regulación da inspección aeronáutica que determina a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento entenderase por:

a) Actuacións de inspección aeronáutica: o conxunto de actividades que integran o procedemento de inspección encomendada en materia aeronáutica ao Ministerio de Fomento.

b) Actividades auxiliares ou de apoio á inspección aeronáutica: conxunto de tarefas de natureza accesoria á inspección por non pór fin ás actuacións, impedir a súa continuación nin afectar os dereitos ou liberdades do inspeccionado.

c) Actuacións materiais propias da inspección aeronáutica de carácter técnico ou especializado: conxunto de tarefas de colaboración técnica coa inspección para cuxa realización resultan necesarios especiais coñecementos teóricos, técnicos ou científicos, de natureza material por non crear inmediatamente dereitos nin obrigas no inspeccionado.

d) Órganos con competencia inspectora: aqueles órganos da Axencia Estatal de Seguranza Aérea que, de conformidade co seu estatuto, teñan encomendadas funcións de inspección aeronáutica.

e) Persoal actuario: conxunto de persoas que, de conformidade co sinalado no artigo 7, poden desenvolver todas ou algunhas das actuacións integrantes da inspección aeronáutica.

f) Funcionario responsable: funcionario que desempeña un posto de traballo integrado nun órgano con competencia inspectora, tendo encomendado o dito posto de traballo a realización de actuacións propias da inspección aeronáutica.

g) Equipos de inspección aeronáutica: conxuntos de persoas con capacidade para desenvolver actuacións de inspección aeronáutica, constituídos polos órganos con competencia inspectora baixo a coordinación dun funcionario responsable co fin de desenvolver unha ou varias actividades ou categoría de actividades integrantes de inspección aeronáutica.

h) Funcionario responsable coordinador: funcionario responsable que dirixe un equipo de inspección.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento aplicarase ás actuacións de inspección aeronáutica levadas a cabo pola Axencia Estatal de Seguranza Aérea, directamente ou por medio de organismos públicos ou sociedades mercantís estatais que teñan a condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, aos cales se lles encargue a execución de actuacións materiais propias da inspección aeronáutica de carácter técnico ou especializado.

As actuacións de inspección aeronáutica reguladas en normas ou procedementos de dereito comunitario europeo, así como as levadas a cabo a través de calquera organismo ou organización recoñecida de acordo co dereito internacional ou comunitario para levar a cabo este tipo de actuacións, rexeranse pola súa normativa específica, aplicándose este regulamento de maneira supletoria en todo o que non contradiga aquela.

A actividade das entidades colaboradoras en materia de inspección aeronáutica rexerese pola Lei 21/2003, do 7 de xullo, e polas normas que se diten en desenvolvemento do seu artigo 26.

Artigo 4. *Obxecto* da inspección aeronáutica.

1. A inspección aeronáutica abrangue as actuacións seguintes:

a) Controlar o cumprimento das normas que ordenan as distintas actividades propias da aviación civil en cada un dos ámbitos delimitados no artigo 22 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

b) Verificar o cumprimento polo persoal aeronáutico das obrigas inherentes ao exercicio das súas funcións, así como o funcionamento conforme as normas aplicables dos centros de formación, dos médicos examinadores e dos centros médico-aeronáuticos.

c) Realizar as comprobacións, inspeccións, probas e revisións necesarias para verificar e acreditar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos para a expedición, mantemento e renovación dos documentos de aeronavegabilidade e, en xeral, dos exixidos para a operación das aeronaves.

d) Efectuar as comprobacións, inspeccións ou revisións necesarias para verificar e acreditar as condicións de seguranza exixidas para o establecemento e o funcionamento dos sistemas aeroportuarios e instalacións afectas ao sistema de navegación aérea.

e) Verificar os sistemas e procedementos que garantan o cumprimento das regras técnicas e de seguranza aplicables á actividade desenvolvida polos explotadores de servizos de transporte aéreo e os titulares ou prestadores de servizos aeroportuarios e de navegación aérea.

f) Realizar as comprobacións, inspeccións, probas e revisións necesarias para verificar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos para o persoal e as organizacións que interveñan na prestación ou explotación dos sistemas de navegación aérea e na utilización ou mantemento das instalacións afectas ao sistema de navegación aérea.

g) Levar a cabo as comprobacións, controis, inspeccións ou revisións necesarias para verificar e acreditar o cumprimento das condicións e requisitos establecidos para a obtención e mantemento de licenzas e autorizacións de explotación de compañías aéreas.

h) Comprobar, controlar e inspeccionar a continuidade, seguranza, adecuado funcionamento e cumprimento da normativa de aplicación dos servizos de tránsito e transporte aéreo, os traballos aéreos, o transporte privado, os voos locais e outras actividades de tráfico aéreo.

i) Comprobar a existencia e vixencia dos sistemas de cobertura dos riscos derivados do transporte aéreo, así como os depósitos, fianzas e garantías exixibles.

j) Controlar e inspeccionar o cumprimento por parte das compañías aéreas e os seus axentes das súas obrigas de servizo público, réximes especiais de acceso ao mercado de aviación civil, obrigas referentes ás tarifas e bonificacións en materia de transporte aéreo, así como o cumprimento da normativa aeronáutica en materia de contratos de transporte aéreo.

k) Vixiar e controlar os procedementos de asignación de franxas horarias, o uso destas ou o cumprimento das programacións en voo.

l) Comprobar o cumprimento por parte das compañías aéreas e os seus axentes das súas obrigas para cos usuarios do transporte aéreo, con especial atención no referente ás persoas de mobilidade reducida.

m) Cumprir as obrigas e funcións de natureza inspectora que España asumise total ou parcialmente respecto das aeronaves de matrícula doutro Estado, se estas son explotadas por un operador aéreo que ten a súa oficina principal ou a súa residencia permanente ou operan de forma estable en España.

n) Prestar a colaboración necesaria ás persoas autorizadas polas institucións e outros órganos da Unión Europea así como doutros organismos internacionais con competencias en materia de aviación civil para realizar inspeccións e investigacións en territorio español.

o) Cantas outras actividades de inspección aeronáutica sobre as materias citadas no artigo 5 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, deriven de normas nacionais ou de dereito comunitario europeo e sexan encomendadas ao Ministerio de Fomento.

2. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das facultades, obrigas e potestades de vixilancia e policía que corresponden a outras administracións públicas, órganos ou organismos administrativos no exercicio das súas competencias.

Artigo 5. *Alcance da inspección aeronáutica.*

1. De acordo co artigo 20.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, a inspección aeronáutica esténdese a todas as aeronaves, produtos e equipamentos aeronáuticos, aos sistemas aeroportuarios e de navegación aérea e os seus procesos de xestión, aos servizos, actividades e traballos relacionados coa aviación civil, tanto en operacións de voo como de terra, ao persoal aeronáutico e aos titulares ou explotadores dos ditos servizos e actividades.

Non obstante, para os efectos deste regulamento, as actuacións de inspección relacionadas co establecemento, construción e funcionamento dos sistemas aeroportuarios entenderanse limitadas a aqueles que sexan de competencia da Administración xeral do Estado. No resto de aeroportos e aeródromos a actividade de inspección aeronáutica quedará limitada a aqueles extremos que sexan competencia da Administración estatal.

2. As inspeccións de seguranza contra actos de interferencia ilícita en execución do Programa nacional de seguranza para a aviación civil levaranse a cabo en todos os aeroportos abertos ás operacións comerciais de transporte aéreo.

3. Quedan excluídos do ámbito da inspección aeronáutica:

- a) As aeronaves militares.
- b) O persoal aeronáutico militar.
- c) Os sistemas e instalacións de navegación aérea asociados ás bases aéreas ou aeródromos militares, as bases aéreas abertas ao tráfico civil, os aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e os aeródromos e heliportos militares.
- d) Os servizos meteorolóxicos.

4. As aeronaves matriculadas noutros Estados que teñan entrada ou saída de territorio español e as súas tripulacións poderán ser obxecto desta inspección de acordo coa lexislación española, coas normas de dereito comunitario europeo e cos tratados e convenios internacionais.

Artigo 6. *Normas aplicables.*

As funcións, facultades e actuacións da inspección aeronáutica rexeranse:

- a) Pola Lei 21/2003, do 7 de xullo.
- b) Por este regulamento e demais normas ditadas en desenvolvemento da Lei 21/2003, do 7 de xullo.
- c) Pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- d) Por cantas outras disposicións integren o ordenamento xurídico vixente e resulten de aplicación.

TÍTULO II

Organización da inspección

Artigo 7. *Atribución das funcións de inspección aeronáutica.*

1. As actuacións de inspección aeronáutica serán exercidas polos funcionarios responsables que desempeñen os postos de traballo dos órganos con competencias inspectoras aos cales se lles asigne a realización das actuacións de inspección aeronáutica.

2. A aqueles outros funcionarios ou empregados públicos destinados nos órganos con competencias inspectoras da Axencia Estatal de Seguranza Aérea poderáselles encomendar a realización de tarefas ou actividades auxiliares ou de apoio das actuacións de inspección aeronáutica.

3. O persoal dos organismos públicos, da sociedade estatal «Servizos e Estudos para a Navegación Aérea e a Seguranza Aeronáutica, S.A.» e doutras sociedades mercantís estatais que teñan condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades de dereito público, poderán ser designados para a execución das actuacións materiais propias da inspección aeronáutica de carácter técnico ou especializado.

Os procedementos de que se doten estes organismos e sociedades estatais para a execución de actuacións materiais de colaboración técnica coa inspección aeronáutica serán aprobados pola Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

Artigo 8. *Designación do persoal para o exercicio das actuacións de inspección.*

1. O director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea identificará mediante resolución, nos distintos órganos con competencias inspectoras, os postos de traballo que supoñan o desempeño das actuacións propias da inspección aeronáutica.

2. Os funcionarios responsables poderán ser asistidos por un ou varios equipos de inspección, os cales estarán integrados por unha ou máis persoas con capacidade para desenvolver tarefas de inspección de conformidade co sinalado no artigo 7.

Os equipos de inspección aeronáutica deberán estar en todo caso coordinados por un funcionario responsable. Non obstante, atendendo á estrutura xerárquica da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, poderán designarse funcionarios responsables con labores de coordinación doutros funcionarios responsables, os cales estarán xerarquicamente sometidos aos primeiros.

Os equipos de inspección aeronáutica constituiranse de maneira temporal especificamente para unha ou varias actuacións de inspección ou ben con carácter permanente para categorías uniformes de actividades inspectoras polos órganos con competencias inspectoras.

3. Deberá notificarse ao inspeccionado calquera cambio na composición do equipo inspector designado na correspondente orde de actuación e, de ser o caso, na designación realizada para unha inspección polo funcionario responsable coordinador.

Artigo 9. *Facultades do persoal actuario.*

1. Na execución das actuacións inspectoras que lles fosen encomendadas polos órganos con competencias inspectoras, os funcionarios responsables terán as atribucións encomendadas para iso polo artigo 25.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

2. Os funcionarios responsables estarán, así mesmo, facultados para:

a) Obter información dos traballadores, empregados, contratistas ou subcontratistas sobre cuestións relativas ás actividades en que participen.

b) Realizar medicións e obter fotografías, bosquejos ou planos.

c) Obter o ditame de peritos. Para tal fin, nos órganos con competencias inspectoras poderá prestar os seus servizos o persoal facultativo que se determine.

d) Verificar os sistemas de control interno das entidades que realicen actividades aeronáuticas.

e) Requirir do interesado a tradución de todo tipo de documentos con transcendencia para as actuacións de inspección que, de acordo coas normas aplicables, deban estar redactados en castelán.

3. O resto do persoal actuario integrante dun equipo de inspección aeronáutica solicitará do inspeccionado a debida colaboración no desenvolvemento da actuación inspectora e, en caso de resposta negativa, instará do funcionario responsable o exercicio das prerrogativas enumeradas nos números anteriores.

Artigo 10. Obrigas do persoal.

1. Todo o persoal actuario que leve a cabo actuacións integrantes da inspección aeronáutica está suxeito ás seguintes obrigas:

a) Servir con obxectividade os intereses xerais e actuar de acordo cos principios constitucionais de eficacia e xerarquía, con sometemento pleno á lei e ao dereito e con suxeición aos criterios técnicos e directrices recibidos dos seus superiores.

b) Absterse cando concorra algún motivo dos establecidos no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

c) No exercicio das súas funcións, sen mingua da súa autoridade nin do cumprimento dos seus deberes, observar a máxima corrección cos cidadáns e demais persoal adscrito ás instalacións e servizos inspeccionados e procurar perturbar na menor medida posible o funcionamento destes.

d) Gardar o debido segredo profesional e sixilo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu cargo, así como con respecto de feitos, datos, informes, orixe de posibles denuncias ou antecedentes que coñecesen en relación co exercicio das súas funcións.

2. En todo caso, nas actuacións de inspección aeronáutica con implicacións médicas ou sanitarias observaranse os deberes e obrigas profesionais que estableza a lexislación sanitaria.

3. Todo o persoal con destino en órganos ou dependencias con competencias inspectoras queda suxeito ao mesmo deber de segredo e sixilo que o persoal actuario.

4. Por solicitude do inspeccionado, o persoal actuario deberá informar aquel acerca do significado das actuacións de inspección, do procedemento que se deberá seguir, dos seus dereitos e das obrigas e deberes que deberá observar para coa inspección aeronáutica.

Artigo 11. Ordenación das actuacións de inspección aeronáutica.

1. O persoal que interveña nas actuacións de inspección aeronáutica desenvolverá os cometidos que lle sexan encomendados ao amparo e de acordo coas ordes de actuación inspectora e instrucións ditadas polos titulares dos órganos con competencias inspectoras responsables por razón da materia ou, no seu defecto, en virtude de orde específica de actuación ditada polo director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

2. As ordes de actuación inspectora axustaranse ao principio de traballo programado, respondendo aos plans de inspección aeronáutica que aprobe o director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, os cales, pola súa vez, deberán ser conformes coas directrices que se establezan por orde do ministro de Fomento en relación coa súa periodicidade, contido, forma de aprobación e de execución.

Naqueles supostos en que, á marxe dos plans de inspección aeronáutica, resulte necesario levar a cabo actuacións de inspección, tales actuacións non planificadas deberán ampararse en ordes específicas de actuación que aprobe o director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

3. Tanto as ordes de actuación inspectora como as ordes específicas de actuación poderán comprender tanto unha ou varias actuacións inspectoras concretas como categorías uniformes de actividades inspectoras; en todo caso, deberán designar o equipo ou equipos inspectores encargados de as levar a cabo así como o seu ámbito de aplicación material, temporal e territorial. O funcionario responsable coordinador de cada equipo poderá seleccionar entre os actuarios integrantes de cada equipo as persoas autorizadas para realizar unha inspección, en función da súa capacidade para desenvolver tarefas de inspección de conformidade co sinalado no artigo 7.

Artigo 12. Acreditación do persoal actuario fronte a terceiros.

1. O persoal actuario, ademais de estar amparado pola correspondente orde de actuación ou orde específica de actuación inspectora conforme o disposto no artigo

anterior, estará obrigado a identificarse cando actúe ante terceiros mediante a correspondente acreditación expedida pola Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

2. A acreditación do persoal que interveña nunha actuación de inspección aeronáutica levarase a cabo mediante a exhibición do correspondente documento oficial expedido pola Axencia Estatal de Seguranza Aérea, no cal constará:

- a) A clase de persoal actuario, conforme o sinalado no artigo 7.
- b) Nome e apelidos.
- c) Facultades do seu titular, o alcance das súas funcións e os límites a que se suxeita o seu exercicio a teor do sinalado neste regulamento.

3. En todo caso, as acreditacións expedidas habilitarán o persoal actuario para acceder ás zonas de operacións e restrinxidas dos aeroportos, cando isto sexa necesario para realizar a inspección.

4. As acreditacións non terán validez se non van acompañadas da correspondente orde de actuación e, de ser o caso, da designación efectuada polo funcionario responsable coordinador para levar a cabo a inspección.

Artigo 13. *Tratamento da información.*

1. Os datos correspondentes ás inspeccións programadas, ás realizadas e os resultados delas, derivados das correspondentes actas e ditames técnicos, constarán nun sistema de información en formato electrónico da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, co fin de garantir o tratamento homoxéneo da información e a súa explotación estatística.

2. Adoptaranse as medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial e o bo uso da información almacenada no sistema de información referido no parágrafo anterior. Así mesmo, só se autorizará unha difusión limitada cando sexa necesario para garantir a seguranza aérea ou cando así o dispoña expresamente outra lei.

3. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo da recompilación da información resultante das inspeccións aeronáuticas en calquera outra base de datos legalmente constituída e sen prexuízo das obrigas de acceso e difusión da dita información derivadas de normas nacionais e internacionais.

TÍTULO III

Aspectos xerais da inspección aeronáutica

CAPÍTULO I

Tipos de actuacións de inspección aeronáutica

Artigo 14. *Actuacións inspectoras de control normativo.*

1. As actuacións de control normativo terán como fin controlar o cumprimento das normas que ordenan as distintas actividades propias da aviación civil.

2. O obxecto das actuacións de control normativo será:

- a) Constatar o debido cumprimento da normativa polo inspeccionado.
- b) Advertir e requirir, de ser o caso, a reparación de posibles deficiencias, irregularidades ou incumprimentos.
- c) Constatar posibles infraccións administrativas en materia de aviación civil.
- d) Propor, á vista do resultado da inspección practicada, a incoación dun procedemento sancionador ou dos procedementos administrativos necesarios para a limitación, suspensión ou revogación dos títulos, licenzas, habilitacións, autorizacións, aprobacións ou certificados necesarios para o exercicio das actividades aeronáuticas e aeroportuarias, servindo de base para a resolución dos ditos procedementos.

3. Se, durante o curso das actuacións de inspección aeronáutica, o persoal actuario advertir deficiencias, irregularidades ou incumprimentos non englobables no seu obxecto,

deberá propor ao correspondente órgano con competencias inspectoras a incoación dun novo procedemento inspector.

Malia o anterior, se as novas deficiencias, incumprimentos ou irregularidades advertidas estiveren relacionadas co obxecto da inspección en curso, o funcionario responsable poderá solicitar do órgano con competencias inspectoras a ampliación do obxecto de inspección, o cal será acordado, se procede, polo dito órgano mediante resolución que deberá ser posta en coñecemento do inspeccionado.

Artigo 15. *Actuacións inspectoras de supervisión.*

1. Son actuacións inspectoras de supervisión as desenvolvidas pola inspección aeronáutica para verificar os requisitos exixidos para obter, conservar e renovar os certificados, aprobacións, autorizacións, licenzas, habilitacións e, en xeral, os documentos oficiais que habilitan para o exercicio de funcións, a realización de actividades e a prestación de servizos aeronáuticos.

2. As actuacións inspectoras de supervisión teñen a natureza de actos de instrución, e como tales insírense no curso dos procedementos administrativos que teñan por obxecto outorgar, conservar e renovar os certificados, aprobacións, autorizacións, licenzas, habilitacións e, en xeral, os documentos oficiais que habilitan para o exercicio de funcións, a realización de actividades e a prestación de servizos aeronáuticos.

CAPÍTULO II

Actuacións da inspección aeronáutica

Artigo 16. *Modalidades de actuacións de inspección aeronáutica.*

1. As actuacións de inspección aeronáutica poderán estar integradas por:

a) Visita e análise de elementos, tales como aeronaves, en terra e en voo, aeroportos, aeródromos, locais, terreos, instalacións e servizos, co obxecto de obter de maneira directa tanta información se considere necesaria.

b) Requirimento e análise da documentación, información, equipamentos, material e substancias que se consideren necesarios para levar a cabo as actuacións de inspección aeronáutica.

c) Actuacións técnicas de carácter material tendentes a verificar o correcto funcionamento dos procedementos, servizos, sistemas, aparellos ou elementos afectos ao transporte e á navegación aérea.

d) Realización de ensaios, entendidos como unha proba das medidas de seguranza da aviación co obxecto de probar a eficacia e aplicación das medidas de seguranza existentes.

e) Comprobación de datos e antecedentes que estean en poder das administracións públicas. Con tal fin, por proposta do titular do órgano con competencias inspectoras, o director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea poderá solicitar a outros órganos administrativos antecedentes ou información que permitan comprobar o cumprimento da normativa aplicable.

f) Análise do expediente administrativo, cando do seu contido se deduciren os elementos suficientes de comprobación e de convicción para iniciar e concluír a actuación inspectora.

g) Auditoría da organización, os procedementos e os programas de verificación e control establecidos polas persoas que realicen actividades reguladas pola normativa de aviación civil, tales como os sistemas de xestión da seguranza.

2. As actuacións inspectoras, calquera que sexa a modalidade en que se inicien, poderán proseguirse ou ser completadas mediante a práctica doutra ou outras das modalidades de actuación descritas no número anterior que se coiden necesarias para culminar o procedemento. O resultado do uso de cada modalidade inspectora documentarase nunha dilixencia.

O cambio dunha modalidade a outra non interrompe nin suspende o prazo máximo de resolución do procedemento inspector.

Artigo 17. *Desenvolvemento das actuacións.*

1. Iniciadas as actuacións inspectoras, deberán proseguir ata a súa terminación, de acordo coa súa natureza e carácter.
2. Se a inspección actúa nas aeronaves, instalacións, servizos ou locais do interesado, observarase a xornada laboral de oficina ou da actividade que rexa neles, sen prexuízo de que, coa conformidade do interesado, poida acordarse que a inspección se desenvolva nun horario diferente.
3. Cando circunstancias excepcionais o xustifiquen, a inspección poderá actuar fóra dos días e horas a que se refire o número anterior, coa previa autorización do titular do órgano con competencias inspectoras.
4. Cando as actuacións se desenvolvan nas oficinas ou locais do inspeccionado, este deberá pór á disposición do persoal actuario un lugar de traballo adecuado, así como os medios auxiliares necesarios.

CAPÍTULO III

Interesados nas actuacións de inspección

Artigo 18. *Dos interesados nas actuacións de inspección.*

1. Están obrigadas a atender o persoal que desenvolva os labores de inspección aeronáutica todas aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que desenvolvan algunha actividade no ámbito da aviación civil e, en particular, as seguintes:

- a) Persoal aeronáutico.
- b) Escolas de voo e centros de formación aeronáutica e aeroclubes.
- c) Entidades dedicadas ao deseño, produción e mantemento das aeronaves e produtos aeronáuticos.
- d) Operadores aéreos.
- e) Compañías aéreas e empresas de traballos aéreos.
- f) Provedores de servizos de navegación aérea.
- g) Axentes e provedores de servizos aeroportuarios.
- h) Xestores dos aeroportos, aeródromos e demais instalacións aeroportuarias.
- i) Pasaxeiros e outros usuarios dos servizos aeronáuticos.
- j) Entidades colaboradoras en materia de inspección aeronáutica.
- k) As que estean obrigadas polas normas aplicables a proporcionar á Administración todo tipo de datos, informes ou antecedentes con transcendencia aeronáutica.

2. As actuacións de inspección aeronáutica entenderanse, con carácter xeral, coa persoa física inspeccionada ou coa persoa que, conforme a normativa nacional ou internacional de aplicación, exerza a representación da compañía, entidade ou operador aeronáutico sometido a inspección.

Así mesmo, poderanse entender coas persoas designadas polas compañías, entidades ou operadores nos seus manuais ou procedementos como responsables do elemento, actividade, servizo ou sistema sometido a inspección. No seu defecto, as actuacións entenderanse con quen poida acreditar estar ao cargo ou ser responsable da aeronave, aeródromo, local, terreo ou instalación.

3. Cando a actuación inspectora teña lugar no seo dun procedemento que teña por obxecto obter, conservar e renovar os certificados, aprobacións, autorizacións, licenzas, habilitacións e, en xeral, os documentos oficiais que habilitan para o exercicio de funcións, a realización de actividades e a prestación de servizos aeronáuticos, as actuacións de inspección aeronáutica entenderanse co solicitante dos ditos documentos oficiais ou coa persoa designada por el na solicitude.

4. O deber de colaboración coa inspección esténdese tanto ás persoas físicas ou xurídicas obxecto da inspección como aos seus empregados, colaboradores ou subcontratistas.

Artigo 19. *Presenza do inspeccionado nas actuacións inspectoras.*

1. O inspeccionado ou o seu representante deberán estar presentes no curso das actuacións inspectoras cando sexa preciso o seu concurso para a adecuada práctica daquelas.

Ás restantes actuacións ou dilixencias poderá acudir o suxeito inspeccionado ou o seu representante sempre que o desexen.

2. Os suxeitos inspeccionados poderán intervir nas actuacións inspectoras asistidos por un asesor, quen poderá aconsellar en todo momento o seu cliente, e cuxas manifestacións, en presenza do inspeccionado, se considerarán formuladas por este se non se opón a elas.

Artigo 20. *Representación voluntaria.*

1. Sen prexuízo do sinalado no artigo 18, os suxeitos sometidos a unha actuación de inspección aeronáutica poderán actuar por medio de representante, co cal se entenderán as sucesivas actuacións administrativas se non se fai manifestación en senso contrario.

Non se poderá actuar por medio de representante cando a índole das actuacións exixa a intervención persoal do inspeccionado.

2. A representación farase constar expresamente en cantas dilixencias ou actas se redacten; ao expediente unirase, de ser o caso, o documento acreditativo do poder outorgado. Se a representación se outorgou mediante documento público abondará coa referencia a el, uníndose ao expediente copia simple ou fotocopia con dilixencia de cotexo realizada polo actuario.

3. A revogación da representación non afectará a validez das actuacións practicadas co representante antes de que se fixese saber esta circunstancia ao equipo de inspección.

CAPÍTULO IV

Documentación das actuacións inspectoras

Artigo 21. *Normas xerais.*

1. Todas as actuacións levadas a cabo no curso dunha inspección aeronáutica quedarán reflectidas documentalmente na forma prevista neste capítulo.

2. Os documentos de inspección poderán ser redactados sen suxeición a un modelo preestablecido, salvo que a Axencia Estatal de Seguranza Aérea considere necesario aprobar modelos normalizados para aquelas actuacións cuxo contido o permita mediante resolución do director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

3. En calquera caso, os documentos de inspección e os modelos normalizados que aprobe a Axencia Estatal de Seguranza Aérea deberanse axustar no seu contido e configuración aos requisitos exixidos pola normativa específica aplicable ou derivados dos estándares e normativa internacional.

4. Os documentos que recollan o resultado de actuacións de inspección aeronáutica deberán ser notificados en todo caso ao inspeccionado, sen prexuízo da comunicación a calquera outro suxeito, ente ou organismo en virtude do disposto en normas específicas que resulten de aplicación.

Artigo 22. *Comunicacións ou requirimentos.*

1. Son comunicacións ou requirimentos os medios documentais mediante os cales os funcionarios responsables se relacionan unilateralmente con calquera persoa no exercicio das súas funcións inspectoras.

2. Nas comunicacións, os funcionarios responsables poderán pór feitos ou circunstancias en coñecemento dos interesados así como solicitar do inspeccionado a colaboración que estime necesaria. Especificamente, farase constar mediante comunicación:

- a) O inicio das actuacións inspectoras.
- b) As solicitudes de documentación complementaria que se considere necesaria para poder continuar ou concluír as actuacións de inspección aeronáutica.
- c) As actuacións que deba levar a cabo o inspeccionado no marco das actuacións inspectoras co fin de lograr o bo resultado destas, con indicación expresa do prazo para as levar a cabo.
- d) As solicitudes de reparación de deficiencias, sexan ou non constitutivas de infracción, que poidan ser reparadas no curso das actuacións inspectoras.

3. As comunicacións, unha vez asinadas polo funcionario responsable, serán notificadas aos interesados conforme as normas reguladoras do procedemento administrativo.

4. Nas comunicacións farase constar o lugar e a data da súa expedición, a identidade da persoa ou entidade e o lugar a que se dirixen, a identificación e a sinatura de quen as remita, os feitos ou circunstancias que se comunican ou o contido da colaboración que se solicita.

5. O persoal actuario, mediante partes, poderá formular peticións de colaboración, solicitando do inspeccionado a documentación ou actuacións necesarias para o adecuado desenvolvemento do procedemento ou orientadas a obter a reparación de deficiencias, irregularidades ou incumprimentos.

Artigo 23. *Dilixencias.*

1. Son dilixencias os documentos redactados no curso das actuacións inspectoras, para facer constar cantos feitos ou circunstancias con relevancia para o servizo se produzan naquel, así como as manifestacións da persoa ou persoas suxeitas á inspección.

En particular, constará nunha dilixencia o consentimento do interesado para o acceso e permanencia do funcionario inspector no seu domicilio.

2. As dilixencias deberán ser redactadas polo funcionario responsable nos seguintes supostos:

- a) Na constatación de accións ou omisións que puideren ser constitutivas de infraccións aeronáuticas ou feitos que coñeza a inspección aeronáutica e sexan de transcendencia para outros órganos da Administración do Estado ou para outras administracións públicas.
- b) Para facer constar as accións ou omisións que puideren ser constitutivas de delito e das que chegue a coñecer, de ser o caso, a inspección no curso das súas actuacións.
- c) Cando se considere pertinente para o bo fin das actuacións.

3. Nas dilixencias constarán o lugar e a data da súa expedición, a identificación dos actuarios que subscriban a dilixencia, a identidade do inspeccionado a quen se refiran as actuacións, e, finalmente, os propios feitos ou circunstancias que constitúen o contido propio da dilixencia.

4. Sempre que resulte posible, das dilixencias que se redactan entregaráselle un exemplar á persoa con que se entendan as actuacións, a cal deberá asinar a súa recepción.

Cando a dita persoa se negar a asinar a dilixencia farase constar así nesta, e poderase constatar o contido da dilixencia así como a negativa a asinar do inspeccionado mediante testemuño doutro actuario do equipo inspector.

Cando a natureza das actuacións inspectoras non requira a presenza dunha persoa coa cal se entendan tales actuacións, a dilixencia será asinada unicamente polos actuarios e notificaráselle ao interesado.

Artigo 24. *Informes.*

1. Os funcionarios responsables emitirán, cando resulte necesario para o desenvolvemento das actuacións de inspección, informes nos casos seguintes:

a) Para completar aquelas dilixencias, ditames técnicos ou actas de inspección en que se recollan feitos ou condutas que puideren constituír delito ou infracción administrativa.

b) Para fundamentar a contestación ás alegacións que realicen os interesados.

c) Cando as actuacións de comprobación e investigación revistan unha especial complexidade ou exijan un especial coñecemento ou cando varias destas actuacións estean relacionadas entre si.

d) Cando sexa requirido polo órgano que ordenou a inspección.

e) Nos demais casos en que sexa preceptivo.

2. O persoal actuario poderá emitir os informes previstos no número anterior cando estes non teñan carácter preceptivo.

3. A través dos titulares dos órganos con competencias inspectoras, o funcionario responsable poderá solicitar que calquera dos órganos e unidades da Axencia Estatal de Seguranza Aérea ou da Dirección Xeral de Aviación Civil, outros órganos administrativos, sociedades estatais de carácter instrumental e outras entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado, emitan informe sobre cuestións que requiran un coñecemento especializado e que sexan necesarios para o bo fin da inspección. Tales informes incorporaranse ao expediente administrativo en todo caso, dando traslado deles ao inspeccionado.

Artigo 25. *Partes técnicos.*

1. Nas actuacións de inspección aeronáutica formalizaranse mediante partes técnicos:

a) O resultado das actividades auxiliares ou de apoio á actuación inspectora que se encomenden aos funcionarios e empregados públicos a que se refire o artigo 7 b).

b) O resultado das actuacións materiais propias de inspección de carácter técnico ou especializado levadas a cabo por persoal dos organismos públicos e das sociedades mercantís estatais que teñan a condición de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado, por encargo da Administración competente.

2. Os partes técnicos subscritos polo persoal actuario, xunto co resto da documentación elaborada ou recollida por este, poderán servir de base para a emisión polo funcionario responsable das actas de inspección e ditames técnicos.

Nestes supostos corresponde ao persoal actuario sinalado no artigo 7 c) asinante do parte técnico e aos organismos públicos e sociedades instrumentais de que dependan a plena responsabilidade sobre a actuación do seu persoal, así como do contido da documentación producida por el no curso das actuacións materiais propias da inspección aeronáutica.

3. Nos partes técnicos faranse constar todos os datos necesarios para a posterior elaboración da acta de inspección ou ditame técnico polo funcionario responsable.

Nos partes técnicos, o persoal actuario poderá facer constar, ademais, calquera outra observacións, advertencia ou anotación que coide pertinente pór en coñecemento do inspeccionado ou do funcionario responsable.

Artigo 26. *Tramitación dos partes técnicos.*

1. Os partes técnicos emitidos polo persoal actuario serán notificados ao inspeccionado co fin de que, nun prazo mínimo de dez e máximo de quince días, manifieste a conformidade co seu contido ou, se, pola contra, amosa a súa desconformidade, formule as alegacións que considere pertinentes para a defensa dos seus dereitos.

Se o inspeccionado non contesta no prazo concedido entenderase que está conforme co contido do parte técnico.

2. Se o inspeccionado manifesta a súa conformidade co parte técnico que reflicta deficiencias, poderá comezar a reparalas desde o momento en que se lle notifique.

Se, pola contra, o inspeccionado manifestou a súa desconformidade co parte técnico, corresponderalle ao funcionario responsable da inspección resolver o pertinente na correspondente acta de inspección ou ditame técnico.

3. Recibido o parte técnico, o funcionario responsable levará a cabo as seguintes actuacións:

a) No caso de partes técnicos de conformidade, o funcionario responsable manifestará a súa conformidade co actuado a través da correspondente acta de inspección ou ditame técnico ou, de ser o caso, requirirá para que se practiquen novas dilixencias de inspección ou para que se revise o actuado, caso en que o persoal actuado deberá emitir un novo parte técnico.

b) Se o parte técnico for de desconformidade, resolverá o procedente na acta de inspección ou ditame técnico á vista das alegacións formuladas polo inspeccionado, sen prexuízo da posibilidade de ordenar novas dilixencias de inspección ou de que se revise o actuado coa emisión dun novo parte técnico, se tiver dúbidas ou non compartir o resultado das actuacións realizadas.

Artigo 27. *Actas de inspección e ditames técnicos.*

1. O resultado das actuacións de inspección aeronáutica con eficacia xurídica fronte a terceiros será documentado polos funcionarios responsables e, de haber varios, co visto e prace do funcionario responsable coordinador, mediante a sinatura de:

a) Actas de inspección, naquelas actuacións cuxo obxecto sexa o control do cumprimento das normas que ordenan as distintas actividades propias da aviación civil.

b) Ditames técnicos, cando as actuacións inspectoras teñan por obxecto verificar os requisitos exixidos para obter, conservar e renovar os certificados, aprobacións, autorizacións, licenzas, habilitacións e, en xeral, os documentos oficiais que habilitan para o exercicio de funcións, a realización de actividades e a prestación de servizos aeronáuticos.

2. Nas actas de inspección faranse constar os datos seguintes:

a) O nome e apelidos do persoal acreditado que interviu na inspección.

b) Elementos esenciais das actuacións realizadas, indicando o lugar, data e hora en que se levou a cabo a actuación inspectora.

c) A identidade das persoas responsables da entidade, produto, equipamento, servizo, actividade ou instalación obxecto de inspección coas cales se entenden todas ou algunhas das actuacións.

d) O resultado das actuacións practicadas, indicando, de ser o caso, as deficiencias, irregularidades ou incumprimentos da normativa aplicable que se constataren.

e) De ser o caso, as posibles medidas que deberá adoptar o inspeccionado para entender reparadas as deficiencias, irregularidades ou incumprimentos que se constataren, de conformidade coas normas de aplicación, así como as consecuencias xurídicas que, de ser o caso, poderían derivar da falta de reparación.

f) A conformidade ou desconformidade con todo isto do suxeito inspeccionado en atención ás alegacións formuladas no correspondente trámite de audiencia.

3. Nos ditames técnicos faranse constar os datos seguintes:

a) O nome e acreditación do persoal que intervéen na inspección.

b) Actuacións realizadas.

c) A identidade das persoas ou responsables da entidade, produto, equipo, servizo, actividade ou instalación obxecto de supervisión, comprobación ou auditoría.

d) O resultado das actuacións practicas, indicando, de ser o caso, as deficiencias, irregularidades ou incumprimentos da normativa aplicable que se constataren.

e) De ser o caso, as posibles medidas que deberá adoptar o inspeccionado para entender reparadas as deficiencias, irregularidades ou incumprimentos que se constataren, de conformidade coas normas de aplicación.

f) A conformidade ou desconformidade con todo isto do suxeito inspeccionado en atención ás alegacións formuladas no correspondente trámite de audiencia.

4. Nas actas de inspección e ditames técnicos, o funcionario responsable poderá facer constar, ademais, calquera outra observación, advertencia ou anotacións que considere pertinente pór en coñecemento do inspeccionado.

5. As actas e ditames técnicos poderán ser obxecto de recurso nos termos sinalados no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

6. Se no transcurso das actuacións de inspección se tiver advertido a posible comisión dunha ou varias infraccións aeronáuticas, os funcionarios responsables deberán xuntar aos ditames técnicos ou actas de inspección unha proposta de incoación de procedemento sancionador, que será remitida ao órgano competente para os efectos do sinalado no artigo 62 da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Artigo 28. *Valor da documentación.*

1. Os informes, dilixencias, ditames técnicos e actas de inspección subscritos polos funcionarios responsables teñen natureza de documentos públicos e fan proba, nos termos previstos no artigo 137.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, salvo que se acredite o contrario, dos feitos que motiven a súa formalización.

2. Cando os inspeccionados prestasen a súa conformidade co contido reflectido nos documentos emitidos nas actuacións de inspección ou cando estes reflectan feitos manifestados ou aceptados polos interesados, terán valor probatorio e só poderán ser rebatidos posteriormente mediante outras probas.

3. Se, como consecuencia dos feitos constatados nunha acta de inspección, se incoar un procedemento administrativo para a limitación, suspensión ou revogación dos títulos, licenzas, habilitacións, autorizacións, aprobacións ou certificados necesarios para o exercicio das actividades aeronáuticas e aeroportuarias, a incorporación a el do expediente administrativo de inspección aeronáutica considerárase base suficiente para a súa resolución, sen prexuízo do trámite de audiencia e de calquera outro acto de instrución que considere necesario o órgano encargado da súa tramitación.

TÍTULO IV

Procedemento de inspección

CAPÍTULO I

Iniciación do procedemento de inspección

Artigo 29. *Inicio da función inspectora.*

1. O inicio de toda actuación inspectora estará amparado administrativamente polo correspondente plan de inspección aeronáutica e a pertinente orde de actuación inspectora ou, no seu defecto, por unha orde específica de actuación ditada polo director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, de conformidade co sinalado no artigo 11.

2. O inicio efectivo das actuacións inspectoras fronte ao inspeccionado terá lugar na forma sinalada nos artigos 31 e 32.

Artigo 30. *Denuncia de infracción aeronáutica.*

1. As denuncias de infraccións aeronáuticas, debidamente subscritas polo denunciante, deberán dirixirse á Axencia Estatal de Seguranza Aérea.

Recibida unha denuncia, darase traslado dela ao órgano con competencias inspectoras responsable por razón da materia, o cal examinará a veracidade dos feitos denunciados e se estes son descoñecidos para a Administración.

Se existen indicios suficientes de veracidade nos feitos denunciados e se estes son descoñecidos para a Administración, o órgano con competencias inspectoras propondrá ao director da Axencia Estatal de Seguraza Aérea:

a) A incoación da correspondente actividade inspectora, co fin de investigar as circunstancias e os responsables das infraccións administrativas denunciadas.

b) A incoación de procedemento sancionador, de estaren suficientemente acreditados os feitos e os responsables da infracción aeronáutica denunciada.

2. Se o director da Axencia Estatal de Seguraza Aérea decide iniciar as actuacións de inspección aeronáutica, deberá ditar a correspondente orde específica de actuación, designando o funcionario ou funcionarios responsables das actuacións e, de ser o caso, o equipo inspector encargado de as levar a cabo.

3. Poderán archivarase sen máis trámites aquelas denuncias que se fundamenten en meros xuízos de valor, as que non especifiquen e concreten suficientemente os feitos denunciados ou aquelas cuxos feitos xa sexan coñecidos pola Administración.

4. O persoal actuario trasladará as denuncias indebidamente formuladas ante eles aos órganos con competencias inspectoras para que as tramiten na forma establecida neste artigo.

Artigo 31. *Inicio do procedemento de inspección de control normativo.*

1. As actuacións da inspección aeronáutica de control normativo iniciaranse mediante comunicación subscrita polo funcionario responsable na que se fará constar o obxecto da inspección, o prazo para o seu exercicio e as persoas autorizadas para a súa realización.

2. A comunicación de incoación da actividade inspectora deberá ser notificada cunha antelación de, cando menos, un día respecto á actuación que se vaia practicar, sempre que isto resulte posible sen perturbar o propósito da inspección.

En caso contrario, poderán iniciarse as actuacións inspectoras sen notificación previa da comunicación, deixándose constancia da súa incoación mediante dilixencia, que deberá ser posta en coñecemento do interesado cando a natureza da inspección así o permita.

3. As actuacións de inspección que impliquen o recoñecemento de aeronaves, aeroportos, aeródromos, locais, terreos, instalacións ou servizos poderán iniciarse mediante a oportuna visita de inspección, a cal será anunciada coa antelación indicada no número anterior cando o propósito da inspección non for obstáculo para iso. Noutro caso, o persoal actuario designado para a inspección deixará constancia do inicio da inspección mediante unha dilixencia que será asinada por el e polo inspeccionado ou o seu representante, se estiver presente, ou ben con quen estiver encargado ou for responsable da aeronave, aeródromo, local, terreo ou instalación.

4. Sempre que se inicie a actuación inspectora sen comunicación previa ao interesado, deberá indicarse de maneira breve na dilixencia de incoación as razóns polas cales non se considerou oportuna a dita comunicación previa.

5. O persoal actuario xuntará tanto á comunicación como ás dilixencias de incoación referidas nos números precedentes copia da orde de actuación e da designación, de ser o caso, que ampara administrativamente a actuación inspectora.

Artigo 32. *Inicio do procedemento de inspección de supervisión.*

1. As solicitudes de iniciación dos procedementos administrativos en que se insiren as actuacións inspectoras de supervisión rexeranse pola súa normativa específica e, no seu defecto, polo disposto nos artigos 70 e 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Unha vez recibida a solicitude e reparados, de ser o caso, os defectos que presentar, o funcionario responsable designado redactará unha dilixencia para deixar constancia do inicio das actuacións inspectoras de supervisión, que será debidamente notificada ao interesado. Nesta dilixencia de iniciación farase constar igualmente:

- a) A documentación que, á parte da entregada coa solicitude de inicio, deba achegar o interesado antes da emisión do ditame técnico.
- b) O funcionario responsable que coordine a inspección e, de ser o caso, o seu equipo inspector.

Artigo 33. *Medidas provisionais.*

1. Iniciada a actividade de inspección e en calquera momento desta, o funcionario responsable, de oficio ou por instancia motivada do persoal actuario, adoptará cantas medidas de precaución e garantía xulgue adecuadas para garantir o bo fin da inspección ou para impedir que desaparezan, se destrúan ou alteren probas, así como para impedir que se manteñan os efectos das infraccións que se puidesen ter advertido no seu transcurso.

2. As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou por instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no momento da súa adopción.

Non obstante, poderán ser impugnadas nos supostos indicados no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. O sinalado neste artigo enténdese sen prexuízo da posible adopción das medidas extraordinarias previstas no artigo 30 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, cando se constataren irregularidades que afecten de forma certa, grave e inmediata a seguranza aérea.

CAPÍTULO II

Ordenación e instrución do procedemento

Artigo 34. *Cumprimento de trámites polos inspeccionados.*

1. Considerarase obstrución ou resistencia á actuación inspectora toda conduta do inspeccionado ou o seu representante que, de maneira consciente, tenda a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións inspectoras.

2. En particular, constituirá obstrución ou resistencia á actuación inspectora:

a) A incomparecencia reiterada do inspeccionado, agás causa xustificada, no lugar, día e hora que se lle sinalasen en tempo e forma para a iniciación das actuacións, o seu desenvolvemento ou terminación.

b) A negativa inxustificada a exhibir os libros, rexistros e documentos que é obrigado levar e conservar, que sexan expresamente solicitados ao inspeccionado, e a facilitar ao persoal actuario un lugar de traballo adecuado ou os medios auxiliares necesarios para o desenvolvemento do seu labor.

c) A negativa sen causa xustificada a facilitar datos, informes, xustificantes, antecedentes e calquera outra información relacionada co inspeccionado e que expresamente lle sexan solicitados, así como ao recoñecemento de aeronaves, aeródromos, locais, máquinas, instalacións e explotacións relacionados coa actuación inspectora.

d) Negar inxustificadamente a entrada ao persoal actuario nas aeronaves, aeroportos, aeródromos, locais, terreos e, en xeral, nas instalacións e servizos en que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas á inspección aeronáutica ou a súa permanencia neles.

e) As coaccións ou a falta da debida consideración ao persoal actuario, sen prexuízo das demais responsabilidades que caiba exixir.

3. A obstrución ou resistencia á actuación inspectora serán sancionadas de acordo co previsto no artigo 33 e no título V da Lei 21/2003, do 7 de xullo.

Artigo 35. *Alegacións e probas.*

1. A formulación de alegacións e a achega de documentación polo interesado durante o procedemento inspector rexeráse polo sinalado no artigo 79 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, e deberán ser tomadas en consideración polo persoal actuario na elaboración dos partes técnicos, ditames técnicos e actas de inspección.

2. A proba no procedemento de inspección aeronáutica rexeráse polo disposto nos artigos 80 e 81 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 36. *Trámite de audiencia.*

1. Con carácter previo á emisión das actas ou dos ditames técnicos deberá darse trámite de audiencia ao inspeccionado por un prazo mínimo de dez e máximo de quince días, co fin de que este manifeste a súa conformidade ou desconformidade coas actuacións de inspección practicadas e, de ser o caso, alegue cantas cuestións coide pertinentes para a defensa dos seus dereitos.

Considerarase debidamente efectuado o trámite de audiencia se a acta de inspección ou o ditame técnico confirman integramente un parte técnico que fose sometido previamente á consideración do inspeccionado.

2. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin vaian ser tidos en conta no ditame técnico ou acta de inspección outros feitos nin outras alegacións, documentos ou probas que as aducidas polo interesado.

3. Entenderase realizado o trámite de audiencia se, antes do seu vencemento, os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións.

CAPÍTULO III

Terminación do procedemento

Artigo 37. *Duración das actuacións.*

1. As inspeccións aeronáuticas de control normativo deberán concluír no prazo máximo de seis meses continuados, aplicándose as seguintes regras para o cómputo do prazo de resolución:

a) Cando a actuación se inicie mediante a pertinente comunicación, a actividade inspectora considerarase iniciada o día de notificación da dita comunicación.

b) Se as actuacións inspectoras se iniciaron sen comunicación previa, o cómputo comezará a contar desde a data de inicio da inspección, segundo se faga constar na dilixencia de iniciación.

2. As inspeccións aeronáuticas de supervisión deberán axustar ao prazo máximo de resolución establecido para o procedemento en que se insiren.

3. Poderase acordar a aplicación ás actuacións de inspección da tramitación de urxencia, de acordo co artigo 50 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 38. *Suspensión do prazo das actuacións de inspección.*

1. A suspensión do prazo para terminar as actuacións de inspección aeronáutica terá lugar nos supostos e nos termos sinalados no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e, especificamente, cando se detecten deficiencias que poidan ser reparadas polo interesado durante as actuacións inspectoras.

2. Para os efectos do sinalado no artigo 42.5 a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a achega de documentos ou elementos necesarios para a reparación de deficiencias deberá ser requirida polo funcionario responsable das actuacións con expresa indicación do prazo concedido para o efecto. Este requirimento poderá ser precedido dunha comunicación do persoal actuario en que solicite a debida colaboración.

Artigo 39. *Terminación das actuacións.*

1. Cando, ao concluíren as actuacións, for necesario constatar novos feitos, alegacións, probas, informes ou documentos, poranse de manifesto ao interesado para

que, nun prazo inferior a quince días, formule as alegacións e presente os documentos ou xustificantes que coide oportunos.

2. As actuacións de inspección entenderanse concluídas no momento en que se notifique a acta ou ditame.

Artigo 40. *Reparación nas actas e ditames con deficiencias.*

1. Cando nunha acta ou ditame técnico se fagan constar deficiencias, irregularidades ou incumprimentos, sexan ou non constitutivos de infracción, requiriráselle ao interesado a reparación das deficiencias, irregularidades ou incumprimentos advertidos, a menos que unha norma sectorial específica dispoña o contrario, indicando o prazo que se considere razoable para iso e as medidas que deberán adoptarse para entender producida a reparación.

O prazo para a reparación de deficiencias empezará a contar desde a data de notificación da acta ou ditame, agás que o inspeccionado se acollese á facultade prevista no artigo 26.2.

O inspeccionado poderá propor medidas alternativas de reparación, que serán autorizadas polo funcionario responsable, cando garantan un nivel equivalente do cumprimento da normativa e sexa posible a súa execución antes da finalización do prazo concedido.

2. Corresponderá ao funcionario responsable que coordinase as actuacións de inspección e, de ser o caso, ao seu equipo inspector, o seguimento e vixilancia da reparación polo inspeccionado das deficiencias, irregularidades ou incumprimentos advertidos.

3. Unha vez reparadas as deficiencias ou irregularidades advertidas, o inspeccionado porao en coñecemento da inspección mediante comunicación fidedigna.

Se o funcionario responsable considera que se repararon as deficiencias ou irregularidades advertidas farao constar así no expediente mediante dilixencia, que notificará ao inspeccionado e aos órganos administrativos competentes.

4. Mentres transcorre o prazo concedido ao inspeccionado para a reparación das deficiencias ou irregularidades advertidas, poderán adoptarse, manterse ou modificarse as medidas provisionais a que se refire o artigo 33.

5. Cando nas actas se fagan constar deficiencias, irregularidades ou incumprimentos, a súa reparación terá a consideración de condición integrada no acto administrativo, debendo a terse, en consecuencia, aos trámites, prazos e efectos que nelas se determinen.

Artigo 41. *Falta de reparación das deficiencias, irregularidades ou incumprimentos.*

1. Se non se produce a reparación, o funcionario responsable deixará constancia no expediente da falta de reparación mediante dilixencia, a cal se notificará ao inspeccionado.

2. No caso das actuacións inspectoras de control normativo, proporase a adopción das medidas que se coiden oportunas, así como, de ser o caso, a iniciación dos procedementos necesarios para a limitación, suspensión ou revogación dos certificados, aprobacións, autorizacións, licenzas ou habilitacións das que for titular o inspeccionado, ou, se non se iniciou o oportuno expediente, para sancionar as infraccións detectadas.

3. No caso das actuacións inspectoras de supervisión, notificada a dilixencia de falta de reparación, o órgano inspector concederá un último trámite de audiencia ao interesado de dous días hábiles cando as deficiencias non se consideren reparadas, para que manifeste o que ao seu dereito conveña.

Mentres non se acredite a reparación das deficiencias, irregularidades ou incumprimentos advertidos, a Axencia Estatal de Seguranza Aérea, salvo que a normativa específica estableza outra cosa, non procederá ao outorgamento, revalidación, renovación ou aceptación do correspondente certificado, aprobación, autorización, licenza ou habilitación.

Artigo 42. *Utilización de datos dimanantes dunha inspección aeronáutica.*

1. Os resultados de calquera actuación de inspección aeronáutica poderán ser utilizados en todo caso polo órgano que encargase tales actuacións para o adecuado desempeño das súas funcións.

2. Os órganos con competencias inspectoras comunicaranse cantos resultados coñezan con transcendencia para a seguranza aérea, atendendo ás súas respectivas competencias funcionais ou territoriais.

Así mesmo, o presidente da Axencia Estatal de Seguranza Aérea poderá comunicar tales resultados a calquera outro órgano ou entidade pública para os que sexan de transcendencia para o adecuado desempeño das funcións que teñan encomendadas en materia de aviación civil, así como a outros Estados e a organismos internacionais en cumprimento de obrigas impostas na normativa internacional aplicable.

3. Os órganos con competencias inspectoras darán conta á autoridade xudicial ou ao Ministerio Fiscal dos feitos que coñezan no curso das súas actuacións e poidan ser constitutivos de delitos. Isto non determinará a paralización do procedemento de inspección a non ser que a determinación dos feitos pola orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a súa resolución.

Do mesmo xeito, os órganos con competencias inspectoras facilitarán cantos datos lle sexan requiridos pola autoridade xudicial competente con ocasión da persecución de delitos.

CAPÍTULO IV

Medidas extraordinarias

Artigo 43. *Medidas extraordinarias.*

1. En calquera momento, estea incoado ou non un procedemento de inspección aeronáutica ou doutro tipo, o director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, cando se constatasen irregularidades que afecten de forma certa, grave e inmediata a seguranza aérea, poderá adoptar calquera das medidas extraordinarias reguladas no artigo 30 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, mediante resolución motivada que deberá notificarse ao interesado.

Estas medidas poderán adoptarse sen audiencia previa do interesado.

2. En caso de circunstancias excepcionais, o director poderá adoptar as medidas extraordinarias por instancia do persoal actuario, a cal, para estes efectos, terá a consideración legal de denuncia que, por causa de urxente necesidade, poderá comunicarse de forma verbal. Neste caso, a proposta, o acto e a súa motivación deberán reflectirse por escrito no menor prazo posible e, en todo caso, nun prazo non superior a 72 horas, dando traslado ao interesado da resolución.

3. As resolucións do director da Axencia Estatal de Seguranza Aérea en que se adopten medidas extraordinarias serán susceptibles de execución forzosa conforme o disposto no capítulo V do título VI da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Para estes efectos, tales resolucións incluírán o oportuno apercibimento.

As medidas extraordinarias poderán ser impugnadas nos supostos indicados no artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.